



LUÍS TEIRA PARADA, Concelleiro do Grupo Municipal do **BLOQUE NACIONALISTA GALEGO (BNG)**, neste Concello, presenta a seguinte moción ante o Pleno da Corporación e ante o Alcalde en relación coa demanda **da dotación de actividades formativas e embarcacións para a Escola Oficial Náutico Pesqueira de Ribeira.**

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

No noso concello temos unha Escola Náutico Pesquera dependente da Consellería de Pesca e Asuntos Marítimos de primeiro nivel. Grazas a esta instalación fórmanse profesionais do mar no ámbito pesqueiro tanto de máquinas como de ponte.

Asemade esta escola tamén fai exames para a obtención de diversos títulos de embarcacións de lecer, entre eles están: Patrón/a de Navegación Básica (PNB), Patrón/a de embarcacións de Lecer (PEL), etc. Cuestión esta de moito interese no noso concello xa que son moitas as persoas que gustan de ter unha pequena embarcación (como pode ser unha dorna) para poder disfrutar do entorno mariño que temos.

Periodicamente a Consellería de Pesca e Asuntos Marítimos convoca estas probas que se desenvolven na escola ribeirense. Estas probas son por libre e non hai un curso específico nesta escola para formar ao alumnado. Aínda así unha vez que supera este examen teórico deberá facer un examen práctico nun barco coas características axeitadas a cada titulación.

Lamentablemente esta escola non conta con embarcacións axeitadas para que o alumnado poida examinarse da parte práctica desta titulación.

Por iso, o Grupo Municipal do BNG solicita o apoio da Corporación Municipal para adopción do seguinte

A C O R D O :

Que o concello de Ribeira, **inste á Consellería de Pesca e Asuntos Marítimos a que homologue a Escola Náutica Pesqueira para poder impartir cursos e examinar (da parte teórica, seguridade, radiotelecomunicacións e navegación ás persoas interesadas en obter algún título de embarcacións de lecer (cando menos do PNB e PEL), dotándoa se é preciso de persoal, material e embarcacións axeitados.**

Ribeira, 18 de Abril de 2009

Asdo.: Luís Teira Parada